



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas**


Rúa/Xosé Neira Vilas, 3  
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)  
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623  
[ies.neira.vilas@edu.xunta.es](mailto:ies.neira.vilas@edu.xunta.es)  
[www.iesneiravilas.org](http://www.iesneiravilas.org)



**IES PLURILINGÜE  
XOSÉ NEIRA VILAS**

## **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

**IES Xosé Neira Vilas.**



## Índice

<b>I. INTRODUCCIÓN</b>	<b>4</b>
<b>II. A IDENTIDADE DO IES XOSÉ NEIRA VILAS</b>	<b>5</b>
1. A REALIDADE CONCRETA	5
1.1. Análise do contorno físico	6
1.1.1. Localización	6
1.1.2. Medio-ambiente	7
1.1.3. Economía	9
1.2. Características da poboación	9
1.3. Servizos e recursos culturais do Concello	10
1.4. Características das familias do alumnado	12
1.5. Características do centro Xosé Neira Vilas	14
1.5.1. Número de alumnos	14
1.5.2. O centro	14
1.5.3. O profesorado	18
1.5.4. Características do persoal non docente	19
1.6. Oferta educativa	20
<b>2. PRINCIPIOS FILOSÓFICOS</b>	<b>20</b>
2.1. Idea de persoa.	20
2.2. O concepto de educación	21
2.3. As relacións muller/home	22
2.4. Integración e respecto	23
2.5. En síntese: valores e principios educativos específicos	25
<b>III. OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>27</b>
<b>3. MARCO LEGAL</b>	<b>27</b>
<b>4. A NOSA INTERPRETACIÓN</b>	<b>27</b>
<b>5. OS OBXECTIVOS DA ESO E DO BACHARELATO</b>	<b>30</b>
5.1. Obxectivos ESO.	30
5.2. Obxectivos Bacharelato.	32
5.3. Obxectivos PCPI.	33
<b>6. ATENCIÓN A DIVERSIDADE</b>	<b>34</b>
<b>IV. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>38</b>
<b>7. ÁMBITO ACADÉMICO</b>	<b>38</b>
7.1. Actividades culturais	38



7.2.. Fomento e promoción da lectura	39
7.3.. Promoción das seccións bilingües	40
7.4.. Especialización das aulas	40
7.5.. Intercambios escolares	41
7.6.. Promoción da Educación Medio-ambiental	42
7.7. Proxecto tecnolóxico	42
7.8. Investigación e Innovación	43
7.8.1. formación do profesorado	43
8. ÁMBITO SOCIAL E CONVIVENCIAL.	43
8.1. Normalización lingüística	43
8.2. Convivencia e resolución de conflitos	44
8.3. Plan de acción tutorial	45
8.4. Participación democrática	46
8.5. Potenciar canles de comunicación: páxina. WEB e Aula Virtual	47
9. ÁMBITO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.	48
9.1. Xestión do centro	48
9.2. Acadar instalacións deportivas axeitadas	49
10. ÁMBITO INSTITUCIONAL	49
10.1. Relacións co Concello e outras institucións	49
11. AVALIACIÓNS DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.	50
11.1. Avaliacións das aprendizaxes.	50
11.2. Avaliación inicial	51
11.3. Avaliación do labor didáctico	51
<b>V. APROBACIÓN, MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PEC</b>	<b>53</b>



## I. INTRODUCCIÓN: QUE É O PEC?

O funcionamento dun centro ten como marco xeral o Proxecto Educativo de Centro (PEC), que é o "ideario" do centro (anotar lexislación).

Trátase dunha proposta integral que, contextualizada no contorno e nas características propias do IES, define as metas que perseguimos e os criterios comúns, e permite levar a cabo, de forma coherente e eficaz, os procesos educativos do centro, comprometendo a toda a Comunidade Educativa.

É tamén un instrumento que posibilita atopar e dar xustificación ou resposta as decisións que se toman, tanto no Proxecto Curricular e nos Programas Específicos das materias, coma nas relativas á organización e xestión do Centro.

Axuda a configurar e facer explícita a personalidade propia do noso centro, recollendo por escrito tanto os plantexamento institucionais coma as directrices formais do mesmo.

Finalmente, non se trata dun documento pechado e ríxido senón dun aparello funcional, que debe estar en constante revisión. En calquera caso, o PEC debe poder definir o tipo de centro que queremos, o tipo de formación que aspiramos dar aos nosos alumnos e o modelo de organización institucional que pretendemos.

O Proxecto Educativo de Centro debe, polo tanto, responder ao seguinte:

- Onde estamos? (Análise do contorno físico-social do centro educativo)
- Quen somos? (Proclamación dos nosos principios de identidade)
- Que queremos? (Especificación dos obxectivos xerais e específicos)
- Quen elabora e aproba o PEC?
- Como nos organizamos para acadar os obxectivos? (=PCC)

Os obxectivos xerais son aqueles que explicitados nas leis, reais decretos, decretos, ordes e circulares que determinan o labor educativo, compartimos con calquera centro de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato de Galicia. No apartado 4 pretendemos deixar constancia de que as ideas sobre o ensino que nos caracterizan abranguen o espírito das leis que regulan a educación obrigatoria e post-obrigatoria. Os obxectivos específicos, como seu nome indica, son os



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas**

Rúa/Xosé Neira Vilas, 3  
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)  
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623  
[ies.neira.vilas@edu.xunta.es](mailto:ies.neira.vilas@edu.xunta.es)  
[www.iesneiravilas.org](http://www.iesneiravilas.org)



**IES PLURILINGÜE  
XOSÉ NEIRA VILAS**

propios do Instituto, que podemos compartir ou non con outros, mais aqueles que a comunidade educativa do Xosé Neira Vilas adopta como propios.


Este documento complétase co Regulamento de Réxime Interior (RRI), co Proxecto Lingüístico e co resto de proxecto elaborados polo IES, como os Proxecto Lector, o Proxecto Tecnolóxico, etc.

## **II. A IDENTIDADE DO IES XOSÉ NEIRA VILAS**

### **1. A REALIDADE CONCRETA**

#### **1.1.- Análise do Contorno**

##### **1.1.1.Localización**







O IES Xosé Neira Vilas atópase no Concello de Oleiros, situado na península que separa as rías de A Coruña e Betanzos. Concretamente na marxe dereita da ría do Burgo. É un dos municipios da área metropolitana de A Coruña que se ten convertido nunha grande área residencial debido á proximidade e as boas comunicacións que existen coa capital. Ten unha **superficie de 43,8 km<sup>2</sup>** e unha **poboación de 32.381 habitantes** (Fonte: INE – 2008)

O Municipio de Oleiros está formado por nove parroquias: Dexo, Dorneda, Iñás, Liáns, Maianca, Nós, Oleiros, Perillo e Serantes. Cada parroquia está constituída por varias unidade singulares de poboación denominadas "aldeas" ou "lugares", que chegan a ser 92 no municipio de Oleiros, existindo, ademais, numerosas casas illadas. Esta dispersión de poboación é típica en Galicia pola súa configuración xeográfica. A parroquia máis poboada é Perillo (onde se asenta o I.E.S., e máis de ¼ da poboación municipal), sendo tamén a que experimentou un maior crecemento de poboación. Esta parroquia pode ser considerada semiurbana, e nela asentouse nos últimos anos unha colonia de inmigrantes moi notable, sobre todo de orixe sudamericano, predominando as familias de nacionalidade brasileira.

### **1.1.2. Situación medioambiental.**

O clima do Concello de Oleiros é Oceánico, como corresponde a un municipio con unha longa franxa costeira ao Atlántico, con temperaturas suaves: a temperatura media é de 13,9; ten unha amplitude térmica de 9 graos e unha media de precipitacións de 1.000mm.

A vexetación orixinaria de carballeiras e soutos foi mermando sucesivamente e foi substituída por piñeirais e eucaliptais. O monte baixo está composto por queirugas, uces e toxos e outras plantas típicas de Galicia, con "herba de namorar" nas zonas máis achegadas ó mar.

Pese a progresiva urbanización do municipio, consérvanse aínda zonas boscosas e o labor do Concello, coa súa política de parques, fai que poidamos considerar o Concello de Oleiros como unha área medioambientalmente ben conservada.

- **A ría do Burgo**

Mención a parte merece a ría do Burgo (ver mapa). Por unha banda, a ría do Burgo está

sometida a unha grande presión demográfica e aínda industrial, que fai dela un lugar bastante contaminado por residuos sólidos. É tamén un lugar de lecer, bordeada por paseos marítimos recentemente construídos e non sempre respectuosos coa conservación medio-ambiental. Pola outra, aínda é, hoxe en día, un lugar de marisqueo e de grande diversidade ecolóxica. É un dos 14 humidais da provincia de A Coruña, e no inverno podemos atopar nela unhas 3.150 aves de 34 especies distintas.

Isto último fai da ría do Burgo un lugar dunha importancia pedagóxica singular para o noso centro. É un espazo, unha especie de aula natural idónea para o proceso de ensino-aprendizaxe pola proximidade ao centro, especialmente para a educación medio-ambiental do noso alumnado, mais non só. Non só as Ciencia Naturais -ornitología, etc.- atopan neste contorno un lugar para pór en práctica o ensino teórico, mais tamén as Ciencias Sociais -estudos demográficos e históricos-, e aínda as matemáticas -estudo de gráficos- e as linguas -estudo das continuas notas de prensa, da linguaxe particular dos mariscadores, etc.

- **A costa de Dexo e a Illa da Marola**

E non podemos deixar de mencionar a costa de Dexo-Serantes, situada na vertente atlántica do Concello de Oleiros, coñecida como costa Ártabra, entre o Faro de Mera e o porto de Lorbé. Esta franxa costeira, cunha superficie entre 266 e 350 Ha., é unha das poucas áreas ben conservadas da costa Ártabra, e polo valor dos seus ecosistemas e habitats, así como polo paisaxístico, foi declarada Monumento Natural e Lugar de Importancia Comunitaria pola Xunta de Galicia hai uns 10 anos. Conta cunha Aula do Mar, na antiga casa do fareiro de Mera, onde se explica o seu ecosistema, e cun roteiro (camiños e carreiros) da pé que permite observar de forma privilexiada a flora e a fauna, os serrados acantilados, as furnas onde aniña o corvo marítimo, e a illa da Marola. “Quen pasou a Marola pasou a mar toda”, di a cántiga popular, que deste xeito tan sintético infórmanos da características do mar que imos vendo polos carreiros.

Aínda que xa non se pode ir andando dende o IES, como si facemos para visitar a ría do Burgo, obviamente este é tamén un lugar moi importante para que os nosos alumnos se empapen de Natureza.



### **1.1.3. Fontes económicas.**

Tradicionalmente a poboación deste municipio dedicábase a actividades laborais do sector primario, dada a riqueza pesqueiro-marisqueira das súas costas e a boa produtividade das súas terras. A progresiva terciarización do municipio nos anos 70 fixo que desapareceran máis do 60% da explotacións gandeiras, e no 2010 pódese dicir que o peso do sector primario na economía do municipio é inexistente. Xa nos anos 70 as parcelas eran de pequeno tamaño tendo un 93% menos de 0,5 hectáreas; daquela cultivábase sobre todo pataca, millo, herbais e pastizais. Actualmente xa non hai gandería .

As industrias principais están na zona sur do municipio. Foi nas décadas dos anos 60 e 70 cando se instalaron ao longo da estrada N-VI (Madrid- A Coruña) a maior parte das escasas industrias existentes no municipio: formigón, pensos, metalgrafitas... así como obradoiros, almacéns e algunhas instalacións comerciais (automóviles, mobles...). Nesta mesma tónica pódese apreciar un alto grao de concentración de servizos de hostalería nos núcleos costeiros como Santa Cristina, Santa Cruz e Mera.

Por outra banda, non podemos deixar de anotar que este, pola súa proximidade a capital, é un Concello residencial para moitas familias, que teñen a fonte dos seus ingresos en actividades laborais que desenvolven na capital ou en municipios próximos (Arteixo, Betanzos, ...), cun sector secundario moito maior.

### **1. 2. Características da poboación.**

Tendo en conto o inmenso aumento da poboación do concello de Oleiros nos últimos 30 ou 40 anos , temos que distinguir entre: a) a poboación tradicional, asentada con concello dende antigo, que habitan as vellas aldeas e lugares das parroquias; b) a poboación que habita en urbanizacións de casas adosadas, pareadas ou casas illadas con xardín, cun nivel económico medio-alto, alto e aínda moi alto, cun nivel cultural acorde coa súa situación económica, e que se foi instalando no municipio ao longo desde últimos anos. e c) a poboación que vive en apartamentos ou pisos ao



longo da nacional VI, nas parroquias de Perillo e Nós, onde xa se mestura moito máis a poboación que vai dende a clase media media ata a clase proletaria, cunha relativamente recente presenza de inmigrantes. Estes últimos están a sufrir nestes tempos un grave deterioro na súa situación económica, e agora mesmo empeza haber un nivel de paro alto entre eles. En xeral, o nivel cultural depende da situación económica -só cando as necesidades básicas están satisfeitas podemos ocuparnos da cultura-. E o mesmo pasa coa participación dos cidadáns nas distintas asociacións que contribúen a crear o clima cultural e político.

O tipo de poboación c) é a que se corresponde máis coas familias dos nosos alumnos.

### **1.3. Servizos e recursos culturais**

- **Servizos Medico-asistenciais.**

Dende a perspectiva da saúde, o noso centro atópase nunha zona privilexiada, co CHUAC (Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña) e Hospital Materno-Infantil a menos de 3 kms. E no contorno inmediato, en Perillo, hai un centro de saúde (ambulatorio), apenas a 500 metros do Instituto. Hai outros dous centros de saúde no concello, un en Santa Cruz e outro en A Covada (este en proxecto).

Por outra banda, o Concello tamén conta con puntos de asesoramento sobre o consumos de drogas e alcol.

- **Animación sociocultural.**

Tamén neste eido como privilexiados. O Concello dispón dunha ampla red de centros culturais, 8 bibliotecas, 13 centros educativos, ademais do centro universitario de Educación física, o centro de educación medio-ambiental do CEIDA e a escola de música e danza.

Cada parroquia tamén dispón dun Centro do pobo (centro cultural de Montrove, casa da



República en Oleiros...) para todo tipo de actividades.

Centros de cultura como A Fabrica, en Perillo, o Centro Cultural As Torres de Santa Cruz, onde se atopa o Museo dos Oleiros, e o auditorio Gabriel García Márquez, en Mera.

Finalmente, destacaremos o Castelo de Santa Cruz, antigo baluarte do sistema defensivo da enseada de A Coruña, e actualmente sede do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación ambiental de Galicia, CEIDA. No seu recinto se realizan exposicións, cursos e numerosos actos divulgativos, e conta tamén cun fondo permanente e unha biblioteca.

En canto as actividades deportivas, o Concello ten un extenso programa que se desenvolve en múltiples infraestruturas repartidas por todo o municipio: 7 pistas, 1 pavillóns polideportivo, 2 piscinas cubertas, 7 campos de fútbol, 8 campos de chave, etc.

Ten tamén o concello de Oleiros 6 parques en Perillo, 8 en Liáns, 1 en Dorneda, 3 en Maianca, 3 en Oleiros, 2 en Nos e 2 en Iñas. Así como a protección da área costeira do monumento natural de Serantes-Dexo. Numerosas tamén son as praias: Santa Cristina, Bastiagueiro, Sarro, Mera, Canabal, Penatouro, Espiñeiro ou Naval

No contorno próximo ao Instituto, na parroquia de Perillo os Centros culturais e de recreo son a *Biblioteca Central Rialeda* -na que se pode contemplar un mural de Miguelanxo Prado-, biblioteca notable, da que se serven o noso alumnado, e o *Centro cultural A Fábrica*, que desenvolve actividades deportivas diversas, unha Escola Municipal de Música e unha Escola Municipal de Danza, e tamén a *Casa da Xuventude*, dende a que se programan multitude de actividades para os nosos xoves, algunhas delas en colaboración co noso centro. E moi preto do Instituto hai un centro deportivo que inclúe unha piscina cuberta, da que o Instituto, en sintonía co Concello, pode facer uso nas clases de Educación Física. E finalmente a *Casa da Cultura* de Perillo, onde programan actividades para os veciños.

En coordinación cos servizos municipais os IES tamén pode usar outras instalacións do Concello, como por exemplo o *Auditorio* “Gabriel García Márquez”, de Mera, na que os nosos alumnos xa teñen feito algunha audición e representación.

- **Outros centros educativos:**

*Educación Infantil.*

### *Educación Primaria*

Colexio VALLE-INCLÁN, en Perillo, adscrito a o noso centro; colexio de A Rabadeira, en Oleiros; colexio Parga Pondal, en Santa Cruz e *CEIP Luis Seoane, en Canide*.

### *Educación Secundaria e Bacharelato*

IES MARIA CASARES (Santa Cruz) e IES MIRAFLORES (Oleiros)

### *Outros*

Centro municipal de Formación Isaac Díaz Pardo e Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – CEIDA

## **1.4. Características das Familias do Alumnado.**

Todo PEC debe ter en conta as demandas específicas educativas do tipo de alumno, padres, familias e contorno en xeral. Sen detectar esas necesidades reais baseadas no problemas, necesidades, motivacións e expectativas vitais respecto da educación, teremos difícil sintonizar co entorno familiar e cos alumnos no noso traballo diario.

- **Número e relación dos membros familiares.**

As familias do contorno do IES, tanto as de orixe nacional coma as inmigrantes, obedecen á tipoloxía xeral da familia actual: Poucos fillos (un, dous; excepcionalmente, tres) e grande variedade nas relacións dos responsables familiares; é dicir, familias con nais e pais cunha relación estable; familias con nais ou pais divorciados; nais soas; etc.

### **Nivel económico, profesión dos responsables da familia e tipo de vivenda.**

O nivel económico das familias do noso alumnado é moi variable, non podendo trazarse un único perfil, pois se, por unha banda, moitas das familias dos nosos alumnos e alumnas pertence a clase media, como corresponde a poboación característica da nosa zona de influencia, por outra, como xa dixemos, tamén contamos cunha grande poboación de alumnos de orixe inmigrante, cunha economía moito máis precaria, salarios baixos e con pouca estabilidade laboral.

En relación co anterior defínese o tipo de vivenda familiar, que vai dende a casa con xardín ou adosada, característica das zonas residenciais próximas á cidade, ata os pisos e apartamentos, máis ou menos dotados, propios das zonas periurbanas.

- **Valores e hábitos familiares.**

Están en relación co anterior e tampouco neste apartado temos un único perfil: Dende as familias moi preocupadas polos estudos dos seus fillos, que xeralmente teñen aspiracións universitarias, ata as familias que ao proceder doutros contornos económicos, sociais e culturais ou ben teñen aspiracións máis limitadas a sobrevivir e darlles aos seus fillos unha saída profesional, ou ben teñen coma finalidade retornar aos seus países de orixe.

- **Relación das familia co centro.**

En xeral, as relacións entre as familias do alumnado e o centro, xa se trate do profesorado xa do equipo directivos son boas, agás algunha excepción, e fluidas. A comunicación entre as titorías e a Xefatura de Estudos é absolutamente regular: Periodicamente comunícanse as faltas de asistencia e a Xefatura de Estudos comunica inmediatamente calquera tipo de incidencia dos alumnos. Este mesmo curso poremos en servizo a tecnoloxía de comunicación automática que permitirá ás familias, a través dunha clave, coñecer ás incidencias, ou falta delas, dos seus vástagos de forma inmediata.

Por outra banda, as familias e titores legais están representados no Consello Escolar e tamén están organizadas nunha ANPA, con liña directa co Equipo Directivo

## 1. 5. Características do Centro Xosé Neira Vilas

### 1.5.1. Alumnos

- **Número de alumnos.**

O número de alumnos do IES Xosé Neira Vilas mermou de forma drástica nos anos anteriores. Non é este o lugar para pensar as causas. De tódolos xeitos, o que podía ser interpretado como unha desgracia podémolo converter nunha grande vantaxe para os noso alumnado, pois que lles podemos dar unha atención grandemente personalizada non concebible nun Instituto máis masificado.

O número actual é de 209 alumnos, distribuídos da seguinte maneira

ESO.....	147
BACHARELATO.....	55
PCPI.....	7

- **Lingua de comunicación.**

A lingua de comunicación do alumnado, acorde co contorno lingüístico no que vive, é o castelá. Non obstante o centro conta cun proxecto de normalización da lingua galega que se procura aplicar para crear hábitos de uso da lingua propia da comunidade. Agora ben, tendo en conta a grande cantidade de familias de orixe non galego que mandan os seus fillos ao noso centro, deberemos elaborar, segundo a dispoñibilidade de profesorado e sempre en colaboración coa administración e a inspección educativa, un programa de adquisición de linguas que faculte as fillas/os destas familias para falar nas dúas linguas oficiais da comunidade.

### 1.5.2. O Centro

- **Antigüidade do edificio.**

O I.E.S. Xosé Neira Vilas empezou a súa andaina no curso académico 1989-1990.





En canto ao seu nome, Xosé Neira Vilas naceu en 1928 en Gres, no concello pontevedrés de Vila de Cruces. Coma tantos galegos do seu tempo, con vinte e un anos emigra a Buenos Aires. Contra o que cabería agardar, a distancia xeográfica e cultural non só non anulan nel a lembranza de Galiza, senón que é en Buenos Aires onde cobra conciencia da identidade de Galiza e dos galegos. Nas súas propias lembranzas atribúe esa recuperación ao seu «contacto, sobre todo, cos intelectuais do exilio: Luís Seoane, Rafael Dieste, Ramón Suárez Picallo, Lorenzo Varela, Ramón de Valenzuela». Dese xeito convértese nun destacado activista a prol da cultura galega en todos os seus campos.

O corpus principal da súa obra fórmalo a narrativa, xa sexa novela ou coleccións de contos, e dentro del ocupan lugar preferente os relatos para nenos (no instituto está exposta unha colección da obra deste autor) . Varias das súas obras vertéronse a outras linguas, e entre todas a que máis traducións mereceu foi *Memorias dun Neno Labrego*:

- **Infraestrutura: Número de espazos. Equipamento e instalacións.**

O instituto dispón de:

- ✓ 17 aulas
- ✓ 1 aula de apoio
- ✓ 1 aula de orientación
- ✓ 2 Aulas de informática
- ✓ 1 Aula de usos múltiples
- ✓ 2 pistas polideportivas (unha inutilizada)
- ✓ Ximnasio
- ✓ Aula de música



- ✓ Aula de debuxo
- ✓ Taller de tecnoloxía
- ✓ Laboratorio de bioloxía
- ✓ Laboratorio de física
- ✓ Laboratorio de química
- ✓ Biblioteca
- ✓ Despachos de Dirección
- ✓ Zona de administración
- ✓ Departamentos didácticos e de orientación
- ✓ Salón de actos
  
- **Estrutura organizativa do centro.**

O cadro de persoal está formado polo profesorado adscrito ós departamentos didácticos, persoal de administración, conserxes e limpadoras.

*Órganos de goberno.*

- ✓ Unipersoais: Director, vicedirector, xefe de estudos, secretario, xefes de departamento e coordinadora do Equipo de normalización lingüística.
- ✓ Colexiados: O consello escolar, constituído por representantes de todos sectores que conforman a comunidade educativa do centro, e claustro de profesores

*Órganos de coordinación docente:*

- ✓ Departamentos didácticos o fronte dos que hai un xefe/a responsable da coordinación didáctica.
- ✓ Comisión de coordinación pedagóxica composta polos xefes/as de departamento, profesora de pedagogía terapéutica, coordinadora de normalización lingüística, xefe de estudos e director.

*Equipos e Comisións mixtas.*

- ✓ Comisión económica, formada por un profesor, un pai, un alumno, o director e a secretaria.
- ✓ Comisión de disciplina, formada por un profesor, un alumno, un pai, o xefe de estudos e o director.
- ✓ Equipo de mediación, formada por dous profesores e ? alumnos
- ✓ Equipo Medio-ambiental: Axenda 21

*Servizos:*

- ✓ O centro conta con servizo de transporte escolar gratis -unha linea- para os alumnos da ESO, tendo que contratar coa empresa o alumnado de Bacharelato ou ben utilizar medios propios.
- ✓ Biblioteca, que conta cun profesor encargado de coordinar a súa administración e con un grupo de profesores colaboradores
- ✓ Conserxería, que conta con dúas conserxes
- ✓ Secretaría- Administración, que conta cun secretario
- ✓ Limpadoras: dúas con horario completo e unha con media xornada
- ✓ Páxina web, na que se atopará toda a información relevante para o funcionamento do INSTITUTO, así como a oferta educativa cos prazos e norma de matrícula respectivos. E unha Aula Virtual para a mellor comunicación alumno/a-profesor/a.
- ✓ Cafetería, con servizo en horario escolar

*Asociacións:*

- ✓ ANPA, cunha presidenta ao fronte e dous vogais.
- **Estrutura organizativa do alumnado**
- ✓ Delegados de grupo.
- ✓ Xunta de delegados de grupo.
- **Titorías e Orientación.**
- ✓ Gabinete de orientación.
- ✓ Titorías, contando cada grupo de alumnos cun profesor titor con dedicación de unha hora semanal para atención de alumnos e outra para atención de pais
- ✓ Xuntas de avaliación, constituídas polos profesores do grupo, e na ESO e no Bacharelato



tamén polo orientador , na ESO tamén forma parte a profesora de pedagogía terapéutica .

### 1.5.3. O profesorado

- Número de profesores/as.**

O IES XOSÉ NEIRA VILAS conta na actualidade con 42 profesores, dos que 35 teñen destino definitivo no centro.

- Situación Laboral. Antigüidade no Centro e estabilidade. Idade media.**

Destino definitivo:	35
En servizos especiais	2
Antigüidade no centro: entre 10 e 20 anos	20
menos de 10 anos	15

- Actitudes e valores.**

A grande maioría do profesorado participa dos valores humanistas e ilustrados dos que falaremos máis abaixo: É bo profesional, participativo e colaborador, sente a necesidade dun traballo pedagóxico ben feito, ten inquietudes culturais e algúns sacrifican moito do seu tempo libre para mellorar a calidade do ensino no IES e/ou para sacar a diante ao noso alumnado.

- Relacións entre os profesores, as nais e pais e os alumnos.**

Un aspecto distintivo do noso centro é, e pretendemos que siga sendo, o fomento da interdisciplinariedade e da multiculturalidade, e para realizar tal cousa é preciso unha boa e dinámica relación entre profesores, por un lado, e entre profesores e alumnos, polo outro. Dende esta perspectiva, debemos destacar o xa conseguido, primeiro, a abundancia de Seminarios Permanentes e Grupos de Traballo que habitualmente se establecen entre o profesorado; e, segundo, a participación dos alumnos en proxectos coma o Club de Lectura e a Axenda 21 Galega, e

considerar que imos polo bo camiño.

Polo demais, a relación cos proxenitores do alumnado é fluída e colaborativa, atendendo a fomentar un clima de concordia que contribúa a fomentar a capacidade de aprendizaxe máis alá da aula.

- **Características do persoal de apoio**

**Orientación:** É actualmente un departamento sen estabilidade e sen continuidade. Só a profesora de Pedagogía Terapéutica permanece ao longo dos cursos.

**Profesores de Apoio:** Amais da profesora de Pedagogía Terapéutica, e de acordo coa lexislación vixente, calquera profesor que non teña cuberto o seu horario con clases da súa especialidade, completarao preferentemente con clases de apoio a aqueles alumnos que o precisen.

#### **1.5.4. Características do persoal non docente.**

No nos IES ha dúas conserxes, unha administrativa e tres limpadoras. Unha das conserxes exerce de tal dende que se abriu o centro e a outra incorporouse recentemente. A administrativa do centro está a facer unha substitución do titular da praza e das limpadoras, dúas levan xa moitos anos no centro e a outra veu cubrir a praza dunha xubilada vai dous anos.

**Cumpren dentro o centro un papel acorde co se posto de traballo, fundamental para o funcionamento do IES.**

#### **1.6. Oferta educativa**

- **Oferta educativa xeral**

<b>Educación Secundaria</b>	PRIMEIRO	2 grupos
	SEGUNDO	2 grupo



<b>Obrigatoria</b>	TERCEIRO	2 grupos + 1 grupo PDC			
	CUARTO	2 grupos + 1 grupo PDC			
<b>Bacharelato</b>	Ciencias e tecnoloxía	1º BAC	1 grupo	2º BAC	1 grupo
	Humanidades e Ciencias Sociais	1º BAC.	1 grupo	2º BAC	1 grupo
<b>PCPI</b>	Modalidade "C"				

- **Oferta educativa específica:**

Seccións bilingües, francés e inglés, na ESO e NO bacharelato:

En francés	un profesor xeografía e historia
	unha profesora de economía
En inglés	un profesor de física e química

## 2. PRINCIPIOS FILOSÓFICOS. IDEAS E VALORES NAS QUE SE FUNDAMENTA O LABOR EDUCATIVO DO IES XOSÉ NEIRA VILAS

### 2.1. A nosa idea de persoa.

Consideramos, ante todo, aos nosos alumnos e alumnas persoas. E consideramos á persoa, segundo a tradición ilustrada, da que nos consideramos herdeiros, como un fin en si mesmo, como unha natureza que non pode ser tratada coma un instrumento, coma un medio para, nin ser substituída por outras. Dende esta perspectiva o noso labor pedagóxico non debe ir orientado a facer traballadores cualificados -aínda que tamén- senón que debe ter como obxectivo fundamental





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas**

Rúa/Xosé Neira Vilas, 3  
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)  
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623  
[ies.neira.vilas@edu.xunta.es](mailto:ies.neira.vilas@edu.xunta.es)  
[www.iesneiravilas.org](http://www.iesneiravilas.org)



**IES PLURILINGÜE  
XOSÉ NEIRA VILAS**

o desenvolvemento integral das capacidades intelectuais, volitivas e emocionais dos nosos estudantes. Unha educación que poña os alicerces para ser eles mesmos, para converterse nun centro dinámico de actividades nunha sociedade, nunha comunidade. Dito doutro xeito, o noso labor debería ir máis aló da mera formación de individuos capaces de superar probas para a integración laboral máis ou menos cualificadas: Deberíamos ser quen de facer que os nosos alumnos e alumnas cando abandonaran o Instituto foran cidadáns capaces pensar e actuar por sí mesmos e de participar activamente na construción da súa comunidade.

Di o filósofo alemán Immanuel Kant que a persoa consiste “na liberdade e independencia, na facultade de someterse a leis prácticas [morais e políticas] establecidas pola súa propia razón”. É dicir, a persoa, en canto persoa moral que vive nunha polis, nunha comunidade política, é un ser racional que se somete a leis morais que se da a si mesmo. Dende este punto de vista que compartimos, os nosos estudantes non deben ver nin as normas de convivencia, nin o necesario esforzo intelectual que lles esiximos, como algo alleo, como algo imposto; o noso labor debe consistir, ante todo, en facerlles comprender que estas normas e esta dinámica de traballo do Instituto, é aquilo que a Comunidade Educativa, da que eles son partícipes, estableceu libremente coma o mellor para todos.

En conclusión, para nós, a persoa e o individuo que se transcende a sí mesmo nunha comunidade rexida por valores; é dicir, aberto a sociedade. Certamente, é tamén un sí mesmo, un fin; mais é un fin que se realiza en relación cos demais

## **2.2. O concepto de Educación para a Comunidade Educativa do IES XOSÉ NEIRA VILAS.**

O IES Xosé Neira Vilas declárase defensor da ensinanza pública, independente de intereses privados, aconfesional, pluralista, tolerante, promotor da lingua galega, esixente coa igualdade de xéneros e coa integración social, e promotor da interdisciplinariedade e da multiculturalidade

**Independente:** Defensor da liberdade de cátedra, entendendo por tal dereito a exposición sen adoutramento, proselitismo ou sectarismo, ao enfoque persoal no labor docente, dentro do respecto ás normas establecidas e as opinións discrepantes.

**Aconfesional:** Como institución o centro declárase aconfesional, aínda que respectuoso coas

crenzas relixiosas de cada un/unha. No instituto evitarase a exposición de toda simboloxía relixiosa con carácter permanente.

**Xestionado de maneira participativa**, baseándose no pluralismo e nos valores democráticos de convivencia. Tódalas actividades que se realicen estarán exentas de calquera orientación proselitista.

As relacións entre os diversos compoñentes estarán presididas polo diálogo; a **tolerancia** coas ideas e os puntos de vista alleos e a **disciplina** no cumprimento das normas de convivencia, serán as máximas de actuación.

A **acción educativa** estará centrada na liberdade e no pluralismo, no respecto ós demais, na solidariedade, na cooperación, no diálogo e no afán de superación, rexeitando calquera comportamento discriminatorio. Todas as actividades que se realicen estarán exentas de calquera connotación política partidista, mais fomentarse a participación política dos seus membros, considerando que a polis, a comunidade, é moito mellor cantos máis participen na súa construción e reforma.

É tamén un elemento distintivo da actividade educativa do noso IES a **interdisciplinabilidade**, é dicir, a colaboración entre os distintos departamentos á hora de planificar actividades -como por exemplo, a Semana Intercultural- e/ou de facer Seminarios Permanentes, e a **multiculturalidade**, é dicir, a atención a tódalas sensibilidades culturais, presentes ou non no noso centro

No relativo á **lingua de comunicación**, o IES Xosé Neira Vilas fomentará o uso do galego como lingua de aprendizaxe, respectando o dereito a utilizar a outra lingua cooficial da comunidade, o castelá, sempre dentro do establecido pola lexislación vixente, e sen perder de vista o gran número de inmigrantes que temos no IES. O Equipo de Normalización Lingüística dotará ó persoal (profesores e alumnos) de medios que faciliten o uso do idioma galego como instrumento de comunicación nas aulas.

En canto a relación entre sexos, **coeducación**. O Instituto fomentará a convivencia sen prexuízos entre os dous sexos. Procurarase a eliminación das discriminacións contra a muller e a superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home a muller. A educación sexual, desenvolvida en colaboración co Concello e coa ANPA, será considerada como un medio importante no proceso de coeducación

### 2.3. As relacións home/muller.

**Coherentemente co apartado 1 e 2, no IES Xosé Neira Vilas farase un esforzo superlativo para cumprir o espírito e a letra da Constitución e das leis educativas antidiscriminatorias no relativo as relacións entre sexos e xéneros humanas**

- **Primeiro. ERRADICACIÓN DE PREXUÍZOS NO NOSO CENTRO.**

Non se admitirán as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe machista, de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, no regulamento interno do noso centro educativo deberá explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

- **Segundo. PROMOCIÓN DOS VALORES E AS PRÁCTICAS IGUALITARIAS:**

a) Consideramos que a comprensión do valor da igualdade entre ambos sexos é un obxectivo ao que debe prestar especial atención a comunidade educativa do centro, pois que só unha vida entre iguais é unha vida digna de ser vivida.

b) Consideramos que debemos facer explícitos os logros científicos e sociais realizados polas mulleres no pasado, nunha especie de discriminación positiva que resalte o papel destas na evolución histórica, cambiando a perspectiva tradicional, máis ben misóxina, que fai recaer todas as contribucións o desenvolvemento histórico nos homes. Pode servir como exemplo deste rasgo da nosa identidade a exposición dedicada as mulleres científicas, no curso pasado, ou o seminario sobre a filósofa e científica alexandrina Hipatia, desenvolvido no curso 2009-10. Coidamos que

con isto, co axeitado reflexo do papel xogado polas mulleres no pasado e no presente da sociedade, enriquecemos o contido curricular dos noso alumnos, amén de formalos como cidadáns e persoas

c) Consideramos que debemos fomentar a adquisición, en alumnos e alumnas, das actitudes e hábitos necesarios que lles permitan, cando acaden a madurez, vivir nun ambiente de igualdade, en onde non haxa nunca máis nin labores propias de homes e labores propias de mulleres, nen moral feminina distinta da masculina. Coidamos que isto redundará nunha maior autonomía e responsabilidade das persoas dos dous xéneros a hora de tomar as decisións necesarias para vivir en familia e/ou en sociedade:..Máis independencia para as mulleres e menos dependencia para os homes.

d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infra-representadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infra-representados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

#### **2.4. Integración e respecto.**

a) Do mesmo xeito que a Comunidade Educativa do Neira Vilas cre que non debe tolerarse ningún tipo de discriminación sexista así tamén consideramos que debemos rexeitar calquera tipo de discriminación social ou persoal dos alumnos e alumnas en xeral, xa sea debido a prexuizos de tipo racista ou xenófobo, xa sea de tipo social, psicolóxico ou económico. Significadamente o profesorado debe estar atento a calquera brote de xenofobia ou á marxinação de algúns destes estudantes.

b) Máis aínda, o profesorado debe facer todo o posible pola integración do alumnado procedente doutras culturas así coma dos distintos, diferentes ou diversos, **intelectual** ou **fisicamente**.

Respecto dos primeiros, o Instituto programará actividades nas que o alumnado procedente doutras zonas poida enriquecernos coa súa visión do mundo e da vida, para deste xeito sentir que a integración na nosa cultura non significa abandonar a súa. Podemos tomar coma modelo as actividades desenvolvidas no curso 2008-2009, que denominamos “Sopas do Mundo”, ou a lectura

do *Viaxe arredor do mundo en 80 días* nas diversas linguas do alumnado.

Respecto dos segundos, por un lado, o Equipo Directivo coidará de que o centro e ás aulas cumpran coas condicións suficientes de acceso e mobilidade e programará toda a Atención a Diversidade que lle sea posible segundo a dotación de profesorado, e polo outro, o profesorado, moi especialmente, debe facer un seguimento o máis próximo posible deles, favorecer a elevación da súa autoestima, e de ningún xeito facer ou permitir ningún tipo de comentario discriminatorio ou despectivo.

## **2.5. Principios e valores educativos específicos.**

Todo o anterior podémolo sintetizar nos principios e valores que guiarán o labor educativo no centro:

a) Teremos como referencia básica os grandes ideais ilustrados e democráticos de liberdade, igualdade e solidariedade, fundadores da conciencia persoal actual, das sociedades modernas e inspiradoras do sistema educativo universal da sociedade europea.

b) Acreditamos na responsabilidade de tódolos membros da Comunidade Educativas cara a solución dos problema e a conquista de metas a través da participación democrática.

c) Rexeitamos calquera tipo discriminación por sexos ou xéneros, por tendencias sexuais, por orixes nacionais ou étnicas. Todos somos seres humanos e persoas, polo tanto a clasificación por sexos é para nós unha mera unha clasificación biolóxica que non afecta aos obxectivos e prácticas da educación. Igualmente no relativo as tendencias sexuais ou a procedencia étnica de cada quen.

d) Temos como principios e valores fundamentais de actuación, o esforzo persoal e a autodisciplina

e) Partindo da convicción de que o asombro é a orixe da ciencia e do saber humano en xeral, temos como principio de actuación a promoción da curiosidade cultural, especialmente a dos alumnos, tanto científica como humanística, así como da creatividade e a innovación, pois que o ser humano non se limita a herdar pautas de comportamento; senón que tamén as crea, e dese xeito soluciona os problemas.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas**

Rúa/Xosé Neira Vilas, 3  
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)  
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623  
[ies.neira.vilas@edu.xunta.es](mailto:ies.neira.vilas@edu.xunta.es)  
[www.iesneiravilas.org](http://www.iesneiravilas.org)



**IES PLURILINGÜE**  
**XOSÉ NEIRA VILAS**

f) Afirmamos nosa vinculación coa terra e coa a necesidade de respectar e/ou mellorar ao medio ambiente

g) Finalmente, pero non por iso menos importante, cremos que a integración, tanto dos alumnos e das familias estranxeiras, dos menos favorecidos socialmente así como daqueles individuos con necesidades educativas especiais, é un ben non só para eles mais tamén para o resto da comunidade educativa.



### **III. OBXECTIVOS EDUCATIVOS XERAIS**

Os obxectivos xerais dos proxectos educativos dos centros galegos veñen dados nas leis orgánicas, nos Reais Decretos do Estado e nos decretos, ordes e normas da Xunta de Galicia para a educación.

#### **3. MARCO XERAL DA LODE E A LOE**

No Estado español, son dúas as leis de amplo rango e importancia que marcan os límites para definir os fins, obxectivos e estratexias de calquera centro educativo do Estado Español: a LODE (Lei Orgánica 8/1985, reguladora do Dereito a Educación) e a LOE (Lei Orgánica 2/2006, de Educación).

A primeira no se artigo segundo establece os seguintes fins, que o noso Proxecto Educativo de Centro comparte e asume plenamente, considerando que o noso ideario, as nosas conviccións e as nosas actividades permitirán acadalos en todos e cada un dos nosos estudantes:

A LODE no capítulo I, artigos 1 e 2, define os principios da educación e os obxectivos e fins que se deben acadar na actividade pedagóxica desenvolvida nos centros educativos.

#### **4. A NOSA INTERPRETACIÓN**

Tomando como fundamento da nosa actividade os distintos apartados das leis anteriores, o Proxecto Educativo do IES Xosé Neira Vilas pretende:

- 1) Acadar para todos e cada un dos alumnos do Centro o maior desenvolvemento posible das súas capacidades e posibilidades, tanto no ámbito educativo como persoal, lembrado que os alumnos son, ante todo, persoas e que se convertirán en cidadáns que aspiran á realización no só profesional senón que tamén social e persoal. Noutras verbas, acadar unha educación integral en coñecementos, destrezas




e valores.

- 2) Basear a nosa a actividade docente no modelo democrático, humanista e ilustrado que aspira compensar as diferencias económicas, sociais e persoais por medio da educación, buscando aquela igualdade e equidade que garante as mesmas oportunidades para todos, e prestando unha especial atención a inclusión dos menos favorecidos e máis vulnerables.
- 3) Que os valores ilustrados propios da cidadanía democrática -a saber, liberdade, igualdade, solidaridade, tolerancia, xustiza e respecto aos outros –, presidan e sexan os alicerces de toda a actividade do noso centro, co obxectivo, unha vez máis, de acadar que os nosos alumnos sexan cidadáns cun comportamento altamente moral, comprometidos e involucrados na busca de solucións para os problemas da sociedade na que viven. Dende esta perspectiva, pretendemos ser especialmente coidadoso co desenvolvemento da igualdade de dereitos e coa instauración da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- 4) Transmitir entre os nosos estudantes a idea de que a educación non é algo que se acaba dunha vez para sempre, senón que a educación consiste nun proceso continuo de formación, nunha disposición positiva e constante ata o coñecemento, a cultura e a ética. “O sistema educativo ten como principio básico propiciar a educación permanente. Para tal efecto, preparará os alumnos para aprender por si mesmos” (cap II, art. 5)
- 5) Adaptar a actividade pedagóxica as expectativas dos nosos alumnos e ser quen de reaccionar e flexibilizar a nosa conduta diante dos cambios sociais.
- 6) Buscar estratexias e programas que permitan que os nosos alumnos e alumnas sexan no futuro profesionais adecuados ao medio no que van desenvolver a súa vida, lembrando sempre que os valores humanos deben presidir a súa conduta, mais tamén que só por medio do traballo os seres humanos conseguimos a nosa realización persoal.
- 7) En relación co apartado anterior, debemos, polo tanto, manter un alto nivel de esixencia en canto ao esforzo persoal, mais este debe ir acompañado dunha adecuada motivación que o facilite e que faga considerar que paga a pena tal esforzo. Neste



sentido, pretendemos que o alumnado perciba que as familias, os profesores, as administracións e o conxunto da sociedade está con eles e comparte o seu esforzo. A existencia dun entorno educativo propicio, e non só estamos a falar do centro senón que o estendemos a todos os escenarios da vida de cada un dos nosos alumnos e alumnas, é a condición fundamental para lograr o éxito do noso labor

- 8) A participación plena de todos os que interveñen no proceso da educación: O Centro debe organizarse de tal xeito que existan canles que permitan, e aínda aseguren, esta participación.
- 9) Desenvolver proxectos, métodos e estratexias para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, transmitindo aos nosos estudante a bondade dunha existencia de non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- 10) Fomentar o recoñecemento do labor, papel e dignidade dos profesores en todos os ámbitos: só así os nosos alumnos encontrarán as referencias, modelos estímulo que precisan para desenvolver as súas calidades.
- 11) Avaliarnos constantemente para ser quen de facernos conscientes dos erros e/ou acertos e poder así modificar ou insistir na forma de desenvolver o noso labor. Queremos investigar e ser innovadores; só así conseguiremos unha educación de calidade para o noso alumnado.
- 12) Fomentar a normalización lingüística do galego. É para nos fundamental que os nosos estudantes se sintan orgullosos do seu país, e para iso é fundamental que saiban expresarse no idioma dos seus ancestros: Só dese xeito acadaran o equilibrio preciso para desenvolverse como persoas
- 13) Finalmente, a maior autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares, sempre no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao Estado e á nosa Comunidade Autónoma. Mais isto non quita que busquemos a maior colaboración posible coas institucións municipais así como coas privadas do noso entorno. Autonomía para planificar o noso labor e colaboración co resto de institución para que os noso proxectos poidan realizarse do mellor modo posible.



## 5. OBXECTIVOS PARA A ESO E O BACHARELATO

### 5.1. Obxectivos da ESO

Real Decreto de ensinanzas mínimas para a E.S.O., no seu artigo 2, cando di

*“A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudio e de traballo; prepararlos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida coma cidadáns”*

**LEXISLACIÓN GALEGA. Decreto 133/2007, artigos 3º (Fins) e 4º.**

#### Artigo 3º.-Fins.

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

#### Artigo 4º.-Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

a) Asumir responsablemente os seu deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en

equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións

artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

## **5.2. Obxectivos do Bacharelato**

LEXISLACIÓN GALEGA: **Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de Bacharelato na C.A.G**

### **1.2.1. FINS**

A finalidade consiste en proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

### **1.2.2. OBXECTIVOS**

#### **Artigo 3º.-Obxectivos.**

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.



b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e



contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 5.3- Obxectivo dos PCPI

Acadar as competencias profesionais propias dunha cualificación profesional de nivel 1 QUE PERMITA posibilidade dunha inserción socio-laboral satisfactoria ,Amplíe as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas por medio da superación da proba de acceso a ciclos de grao medio, ou coa obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

## 6. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

***”A educación secundaria obrigatoria debe combinar o principio dunha educación común coa atención á diversidade do alumnado, permitíndolles aos centros a adopción das medidas organizativas e curriculares que resulten máis adecuadas ás características do seu alumnado, de maneira flexible e en uso da súa autonomía pedagóxica” (LOE. Preámbulo)***

Xa deixamos constancia da grande diversidade do noso alumnado. Polo tanto, a atención á diversidade, especialmente no primeiro ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria, é unha prioridade do Centro. Esta condicionará en grande medida a organización de espazos, grupos de alumnos e metodoloxía, de forma que mellore o proceso de ensinanza-aprendizaxe, acercando a resposta educativa á capacidade de aprendizaxe real do alumno/a. Por outra banda, para o profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, a atención a diversidade será prioritaria sobre calquera outra actividade das establecidas na Orde do 17 de Xullo de 2007.

En calquera caso, dada a grande cantidade de lexislación vixente relativa a este tema, toda a actuación do IES neste eido basearase nesta lexislación, seguindo as instrución e a regulación establecida na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa:



- **Desdobramentos en Linguas e Matemáticas. Orde do 6 de setembro de 2007.**

Prioritario para o IES Xosé Neira Vilas, mais supeditado sempre a disposición de profesorado.

- **Programas de reforzo nas áreas instrumentais ( lingua galega, castelá e matemáticas). Orde do 6 de setembro de 2007.**

Para o alumnado de 1º que teña accedido á ESO por imperativo legal e/ou ser repetidor. Para o alumnado de 2º que teña promocionado sen superar as áreas instrumentais e/ou ser repetidor.

Estarán baseados na adquisición dos mínimos esixibles nas materias mencionadas segundo o curso que corresponda, 1º e/ou 2º ESO.

Suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos

- **Programas de recuperación.**

No noso Instituto os distintos Departamentos nos que haxa materias pendentes de cursos anteriores terán horas para a atención destes alumnos.

- Aulas de apoio (Circular 8/2009)

Son espazos para o alumnado con conduta disruptiva no grupo-clase. Nela o alumnado realizará tarefas relativas a materia e ao curso do que proceda.

O Xefe de Estudos establecerá cada curso estes espazos e tamén establecerá entre todo o profesorado, incluído o Departamento de Orientación, gardas específicas para atencións desta aula.

As nais/ pais ou titores legais serán informados da derivación dos seus fillos/as ou titorados a esta aula e dos motivos de aquela.

- **Grupos de adquisición de linguas. Orde 20 febreiro 2004 (DOG 26 febreiro)**

É este un programa de atención personalizada para todo alumnado procedente do estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular e/ou de descoñecemento de calquera das



linguas oficiais da nos Comunidade Autónoma. E por suposto que no noso Instituto procurarase que este tipo de alumnos/as se integre o máis asiña posible no nivel que lle corresponda.

- **Adaptacións curriculares.** *Orde 6 outubro 1995 (DOG 7 novembro)*

Para alumnos, tanto da ESO coma do Bacharelato, “que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír calidades excepcionais, non poden seguilo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia” ( *Preámbulo, art. 6º,b e art. 13º,2*). Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos. (*art. 6, a*)

- **Programas de Diversificación Curricular (PDC).** *Orde 30 xullo 2007 (DOG 21 agosto)*

No IES Xosé Neira Vilas temos un PDC de dous anos. Son este programas que teñen como finalidade permitir “ao alumnado que acceda a estes programas adquirir as competencias básicas, alcanzar os obxectivos xerais da etapa e, polo tanto, obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria”.

Están feitos para os alumnos que tras

- “a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de promocionar ao curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.
- b) Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.
- c) Tras repetir o terceiro curso, non superalo.
- d) Ter cursado o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.”

- **Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI).** *Orde 13-maio-2008. (DOG 23 maio)*



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas**

Rúa/Xosé Neira Vilas, 3  
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)  
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623  
[ies.neira.vilas@edu.xunta.es](mailto:ies.neira.vilas@edu.xunta.es)  
[www.iesneiravilas.org](http://www.iesneiravilas.org)



**IES PLURILINGÜE  
XOSÉ NEIRA VILAS**

Os destinatarios destes programas son os mozos e mozas en situación de desvantaxe socio-laboral e educativa, que teña entre dezaseis e dezanove anos cumpridos - excepcionalmente o límite inferior de idade poderá reducirse a quince anos- dentro do ano de inicio do programa, que non obtivera o título de graduado en educación secundaria obrigatoria

- **Participación no plan PROA**

Dende o 2008 vimos participando neste plan, que ten como obxecto axudar ao alumnado con dificultades escolares. É a nosa intención seguir nel mentres dure e nolo permitan.

#### **IV. OBXECTIVOS EDUCATIVOS ESPECÍFICOS DO IES X. NEIRA VILAS.**

##### **7. ÁMBITO ACADÉMICO**

###### **7.1. Actividades culturais.**

O Instituto Xosé Neira Vilas non se contentará con levar a cabo o seu labor lectivo. Tamén quere ser un centro cultural, lúdico e atractivo para os alumnos, un centro no que haxa vida fora das aulas. Dende esta perspectiva facilitarase a realización no centro de actividades culturais que complementen a formación académica e regulada. Isto levarase a cabo evitando interferir, na medida do posible, no desenvolvemento normal das clases ás que vai dirixida a devandita actividade. Esta mesma filosofía será a que inspire a organización da Semana Intercultural. Mais, en calquera caso, o noso obxectivo é potenciar as actividades complementarias do ensino como base dun proceso de aprendizaxe continuo, de xeito que viaxes, intercambios, exposicións, conferencias e outros métodos de aprendizaxe se incorporen de xeito habitual e amplo ás programacións didácticas dos distintos departamentos.

###### **a) Conmemoracións.**

Organizadas en colaboración cos distintos departamentos, o Equipo de Normalización Lingüística e a Asociación de Nais e Pais, celebraranse as festas cíclicas anuais, coincidindo coas súas épocas tradicionais: Magosto, Nadal, Entroido, Festa das Letras Galegas, Festa de Fin deCurso, etc.

A participación do alumnado é voluntaria pero, se se observa que é escasa pódese suprimir a celebración. Para potenciar a asistencia ás mesmas e evitar excesiva ocupación de horas lectivas, procurarase que haxa clase nas primeiras horas da mañá.

###### **b) Semana Intercultural.**

Organizada entre o Equipo Directivo e os distintos departamentos didácticos na semana anterior as vacacións de Semana Santa ten a intención de poñer ao noso alumnado en comunicación cos distintos aspectos da vida social, cultural e científica da actualidade,... Será labor do Xefe de Estudos planificar e coordinar cos distintos Departamentos implicados, as distintas actividades

culturais a desenvolver. Tamén se procurará a colaboración dos outros Institutos da zona, especialmente naquelas actividades nas que un maior número de participantes aporta unha maior calidade ao evento, e das distintas Institucións da zona.

**c) Actividades educativas fóra do centro: visitas a museos, exposiciónes, etc.**

As actividades educativas organizadas fora do centro polos profesores serán coordinadas polo departamento didáctico que as organiza en colaboración co departamento de actividades extra-escolares e complementarias (Vicedirección) e a Xefatura de Estudos, asegurando así a boa organización e desenvolvemento da mesma.

## **7.2. Fomento e promoción da lectura. (ver Proxecto Lector do IES Xosé Neira Vilas)**

- **A biblioteca:**

Segue a ser un dos obxectivos fundamentais do noso IES dinamizar a biblioteca escolar como centro de referencia para variadas actividades culturais que faciliten a integración do alumnado no centro educativo. É por iso e para iso que temos a poténzien de que siga habendo, un responsable da biblioteca e profesores colaboradoes que se encargan de organizar as distintas actividades desta, entre as que destaca o clube de lectura.

- **O clube de lectura:**

Atualmente o clube de lectura está constituído por 21 alunas e alumnos. Obviamente o noso obxectivo é aumentar notablemente este número de participantes. Os medios para acadalo expréaos o profesor-coordinador no proxecto do devandito clube:-

- “-Elaboración de carteis e dunha campaña de animación.
- Procurar a motivación na aula por parte do profesorado de linguas.
- Realización de concursos para deseñar unha imaxe ou mascota dos clubs
- Realización de actividades de motivación creadas para cada caso, como realización de



debuxos ou reproducións de personaxes a escala real, concurso de coñecemento, de carteis ou debuxos, realización de concurso de banda deseñada...

- Creación do blogue do “Club de Lectura Neira Vilas” dentro do espazo correspondente á web dinámica do centro educativo, cos seguintes obxectivos:

a) Fomentar a lectura a partir da recomendación e suxestión de libros que sexan considerados interesantes por parte dos membros, atendendo á diversidade dos xéneros literarios.

b) Impulsar o debate en torno ás lecturas recomendadas mediante un foro de discusión habilitado no propio espazo web.

-Proponse tamén a realización de saídas pra coñecer os escenarios das obras, do lugar onde vivíu o autor...”

- **Tempo de lectura nos períodos lectivos.**

O centro establece como obxectivo fundamental a potenciación da lectura nos períodos de Atención Educativa para todo o alumnado de ESO e Bacharelato, ademais de integrar esta actividade plenamente no currículo das diversas disciplinas. Serán habituais e cotiás as actividades que potencien a lectura, incluíndo espetáculos participativos do alumnado e profesorado en base a recreacións literarias ou lecturas de fragmentos de obras significativas, charlas con escritores, etc.

### **7.3 Promoción das seccións bilingües.**

No Instituto Neira Vilas hai seccións bilingües en inglés e francés desde o curso 2009/10. Esta nos nosos obxectivo no só mantelas senón promocionalas canto poidamos, pois somos conscientes de que unha boa formación en idiomas é parte fundamental no currículo de todo estudante, inseridos como estamos nunha Unión Europea plurilingüe e nun mundo xa globalizado. E isto pode ser unha grande oportunidade para as expectativas vitais e educativas do noso alumnado.

### **7.4. Especialización das aulas.**

O centro está xa organizado nun sistema de aulas materia o aulas especializadas. Isto é xa



un feito. E as TIC estanse a integrar na tarefa do alumnado e do profesorado como unha ferramenta máis. Agora ben, debemos fomentar e propiciar a adecuación progresiva destas aulas e ilas dotándoo do material, non só tecnolóxico, e os recursos necesarios para convertelas cada vez máis en aulas verdadeiramente especializadas nas materias ás que están dedicadas.

### **7.5. Intercambios escolares.**

Se o respecto e a tolerancia son uns dos valores e principios de actuación do noso Instituto, non hai mellor forma de realizalos que coñecer outros idiomas, outras culturas e o modos de vivir. Polo tanto, consideramos dunha importancia capital que os alumnos e alumnas ao seu paso polo instituto Neira Vilas teñan a oportunidade de entrar en contacto e convivir con xoves doutras comunidades e países. Non hai dúbida de que isto non só facilitará aos nosos estudantes a adquisición daqueles principios e valores senón que tamén enriquecerá a súa vida en xeral, facéndoos máis creativos e innovadores, ampliando o seu horizonte de vida. Con estes motivos, procuraremos poñer tódolos medios para que o noso alumnado teña a oportunidade de participar en varios intercambios e encontros escolares ao longo da súa vida escolar no Instituto.

- **Intercambios escolares europeos.**

Independentemente da coparticipación en diversas actividades con outros centros próximos, potenciaranse a participación con centros estranxeiros, nos diversos tipos de intercambios escolares que sexan de interese, especialmente aqueles que implican a relación con centros educativos europeos e que están financiados pola Unión Europea .

### **7.6. Promoción da Educación Medioambiental.**

No curso 2008-2009 o IES Xosé Neira Vilas sumouse aos compromisos da Axenda 21 Escolar de Galicia . O plan de esta Axenda renovarase tódolos cursos. De todos os xeitos, lembremos aquí os obxectivos da Axenda:

“(…)Propoñemos os seguintes obxectivos xerais:



- Conseguir que o Comité Ambiental, xa constituído o curso anterior, participe activamente na toma de decisións.
- Acadar unha boa participación do alumnado e profesorado nas actividades do curso.
- Conseguir implicar ás familias e o concello nas actividades.
- Conseguir que o alumnado sexa capaz de decidir e organizar, de xeito máis autónomo posible, as actividades propostas.
- Participar na actividade “O alumnado é protagonista”

Como obxectivo final ... pretendemos acadar que no centro se adopten hábitos de consumo responsable e unha boa xestión dos residuos, implicando a todos os departamentos, administración e persoal non docente.

Como obxectivos curriculares:

- Desenvolver as competencias de “Autonomía e iniciativa persoal” e a “Social e cidadá” continuando co feito no curso anterior.
- Desenvolver actividades na aula, dentro das programacións de diferentes materias, nas que o alumnado sexa protagonista.
- Integrar o proxecto A21 noutros proxectos do centro, como xa fixemos co Equipo de Mediación”

### **7.7. Proxecto tecnolóxico.**

A Orde 133/2007, Artigo 4º., cando fala dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria, apartado e, di que un deles é:

*“Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.”*

En coherencia co anterior, o Instituto ten un responsable TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) e un Plan TIC propio no que se recolle este mesmo espírito: “A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas**

Rúa/Xosé Neira Vilas, 3  
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)  
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623  
[ies.neira.vilas@edu.xunta.es](mailto:ies.neira.vilas@edu.xunta.es)  
[www.iesneiravilas.org](http://www.iesneiravilas.org)



**IES PLURILINGÜE  
XOSÉ NEIRA VILAS**

éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer”.

Agora ben, debemos ser moito máis ambiciosos neste terreo e non conformarnos co que xa temos conseguido; a saber, aulas e outros espazos educativos dotadas de tecnoloxía, alumnos e profesores que saben manexar un ordenador, etc. Neste terreo coma en moitos outros aspiramos a excelencia, polo que deberíamos ser quen de acadar todos os obxectivos expostos no devandito plan nun prazo relativamente corto.

## **7.8. Investigación e Innovación**

É tamén un obxectivo moi querido para nós impulsar, favorecer e promocionar os traballos de investigación e innovación dos profesores no seu ámbito específico. Estes traballos para ser auspiciados e, dentro das súas posibilidades, financiados, deben poder ser visualizados e publicados na páxina WEB do Instituto, pasando así a formar parte do seu patrimonio intelectual e científico. E serán tidos máis en conta canto máis relacionados estean co noso contorno ambiental, cultural e histórico.

### **7.8.1. Formación do profesorado**

Potenciarase na medida do posible a formación permanente do profesorado do Ies Xosé Neira Vilas mediante a promoción e creación de continuos seminarios permanentes e grupos de traballo -a poder ser de carácter interdisciplinar- de cara a fomentar un ensino máis integral e coherente.

## **8. ÁMBITO SOCIAL E CONVIVENCIAL.**

### **8.1. Normalización lingüística**

Tendo en conta a grave situación do idioma galego, é urxente potenciar un proceso de normalización lingüística no ensino, que xunte vontades individuais da Comunidade Educativa nun esforzo e compromiso colectivo que contribúa a evitar a desaparición da lingua propia dos galegos/as, pois aínda que é verdade que o mundo está cada día máis globalizado, tamén o é que sen

a identidade que producen as raíces tradicionais, sobre todo a lingua propia, podemos acabar coma a folla levada polo vento, perdidos e desorientados na voráxine da mundialización. Parece, pois, lóxico recoller neste Proxecto Educativo as seguintes medidas cara á normalización lingüística do galego:

- Que se impartan en galego un mínimo do 50% das materias, de cada grupo de alumnos/as; ademais, por suposto, das que obriga á lei da Normalización Lingüística.
- Utilización do galego en todas as actividades administrativas e as comunicacións internas e externas do Centro.
- Uso do galego en todas as comunicacións e relacións coas familias do alumnado, agás con aquelas que teñan, debido a súa procedencia, problemas de comprensión no noso idioma.
- Emprego do galego en todas as actividades extra-escolares e complementarias.
- Organizar todo tipo de actividades sobre lingua e cultura galega.
- Utilización do galego, na medida do posible, en todo o material elaborado polo profesorado (exames, apuntamentos, libros, fichas de traballo, ...).
- Fomentar todo aquilo que contribúa a un mellor coñecemento da nosa realidade e cultura en todas as actividades que se realicen no Centro.
- Darlle nomes, se é posible, de personalidades galegas da cultura e da ciencia ás aulas-materia do Instituto.

## **8.2. Convivencia e resolución de conflitos**

Amais do RRI, o noso centro conta con un Equipo de Mediación composto por 2 profesores e 32 alumnos (este curso) e un Plan de Convivencia, inserto no plan da Axenda 21 Escolar de Galicia que se renovará tódolos cursos, e coas seguintes liñas de actuación para este curso:

1. “Continuar realizando labores de mediación entre iguais cando se presenten conflitos.
2. Diseñar y realizar un pequeno cursiño de formación para os alumnos que se incorporaron neste curso ao equipo.
3. Tratar de organizar un curso de formación externo que implemente os coñecementos do alumnado que xa recibira formación en xestión de conflitos.
4. Desenvolver un plan de axuda para os alumnos matriculados no centro por primeira vez,



especialmente para o alumnado inmigrante.

5. Organizar unha *Auditoría de Delegados* de curso.
6. Conectar as actividades de Mediación y as de Educación Medio-ambiental dentro da A21EG”.

**En** calquera caso queremos deixar aquí constancia de que sen dúbida a disciplina, entendida como respecto e acatación das normas, son o alicerce da convivencia en calquera organización humana, canto máis nun centro educativo. Agora ben, está no espírito do IES Xosé Neira Vilas, como xa deixamos anotado, que os nosos estudantes comprendan que estas normas son as que a sociedade na que viven e o centro do que son participes se dan libremente. Polo tanto está entre os nosos compromiso:

- a) Falar co alumno/a para facerlle comprender a incorrección do seu comportamento.
- b) Facerlle ver que o seu comportamento atenta contra unha normas de convivencia que a Comunidade Escolar, da que el forma parte, se deu libremente.
- c) Involucrar as familias na consecución dun clima convivencial ordenado, que permita o desenvolvemento das distintas actividades educativas co máximo aproveitamento posible.
- d) Ter en conta, á hora de tomar medidas correctoras, o recoñecemento espontáneo da falta cometida, xa que todos cometemos erros e o importante é a vontade de non repetilos.
- e) Que se ben toda o noso labor se basea na tolerancia e na comprensión seremos absolutamente intolerantes diante de calquera tipo de discriminación xenófoba, homófoba e/ou sexista.

- **Aulas de Atención Educativa e Convivencia.**

Seguindo as instrucións da Circular 8/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, o IES Xosé Neira Vilas establecerá “*aulas de atención educativa e convivencia para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase*”.

### **8.3. Plan de acción tutorial.**

No Plan de Acción Titorial especificaranse os criterios e procedemento para a organización e funcionamento das titorías no relativo as relacións de alumnas/os, familias e profesorado. A finalidade principal deste Plan será axudar a cumprir os obxectivos educativos, xerais e específicos, da lexislación vixente e deste Proxecto Educativo, realizando un seguimento persoalzado do alumnado durante o proceso de ensino e aprendizaxe. Para iso, os titores/as disporán, conforme a normativa vixente, dunha hora a semana para desenvolver esta tarefa co grupo de alumnas e alumnos que teñan asignado.

A actuación dos titores realizarase sempre seguindo as instrución do Xefe de Estudos e coordinados polo Departamento de Orientación

- **Control de asistencia do alumnado**

O control de asistencia dos alumnos e alumnas a clase por parte do profesorado será riguroso e levarase a cabo por medio da xestión informatizada do control diario de incidencias. No curso académico 2008-09 tense implantado un sistema de xestión docente que permite o control diario e continuo das incidencias de aula, que quedan debidamente rexistradas nunha base de datos. Este sistema permite transmitir directamente ás familias, a través de accesos individualizados vía web, a información actualizada das incidencias do alumnado. A comunicación titores-pais complementarase coa creación e xestión dun sistema de correo electrónico que permita unha comunicación máis fluída e continua. Desta xeito as nais, pais e/ou titores legais terán unha información inmediata sobre asistencia, ou falta de asistencia, a clase dos seus fillos/a e poderán colaborar máis estreitamente co profesorado na súa educación.

Nos casos de absentismo na Educación Secundaria Obrigatoria, cando xa foran informados as nais/pais e titores legais e aínda así persistira o problema, amais da aplicación das correccións disciplinarias previstas no Regulamento de Réxime Interior, serán posto en coñecemento dos Servizos Sociais municipais para que adopten as decisións pertinentes ao caso.

#### **8.4. Participación democrática**



A lei concibe a participación como un valor básico para a formación *de cidadáns autónomos, libres, responsables e comprometidos e, por iso, as administracións educativas garantirán a participación da comunidade educativa na organización, o goberno, o funcionamento e a avaliación dos centros educativos, tal como establece o título V*” (Preámbulo da LOE)

No noso Instituto fomentárase a participación democrática a través dos seguintes órganos e asociacións representativas:

- da Comunidade Educativa en xeral, -nais e pais, alumnos, profesores, persoal non docente e Concello- a través do Consello Escolar, que é o órgano colexiado onde se toman as decisións pedagóxicas e organizativas importantes, e onde por lei deben estar representados todos sectores da devandita Comunidade.
- das nais e pais a través da Asociación de Nais e Pais de Alumnos, coa que a Dirección do centro debe manter unha relación fluida, tanto para intercambiar información como para colaborar naquelas actividades culturais ou deportivas que organice
- dos alumnos a través das Xuntas de delegados, que se reunirá periodicamente co Equipo Directivo, da Asociacións de estudantes (polo de agora non constituída), das reunións de tutoría
- dos profesores a través do Claustro e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A participación democrática de todos os sectores interesados na educación deberanos permitir tomar decisións, elaborar proxectos, planificar actividades e solucionar problemas a partir,

se é posible, do consenso ou, polo menos, dunha ampla maioría, xa que esta é a maneira de que todos nos sintamos corresponsabeis e polo tanto todos bogemos cara aos mesmos fins, amais de facilitar a convivencia.

### **8.5. Potenciar canles de comunicación: páxina WEB e Aula Virtual.**

A comunicación e coordinación entre todos os sectores e individuos que compoñen a Comunidade Educativa e que están interesados no bo funcionamento do Centro redunda



positivamente na educación e formación dos alumnos e alumnas. Por iso, amais dos canles tradicionais de comunicación, fomentaranse moi especialmente a participación e comunicación mediante a paxina web, pois que é o xeito máis directo e rápido de comunicación.

Por unha banda, e xa de modo máis específico, a comunicación e coordinación entre os profesores, especialmente os titores, e as nais e os pais é fundamental para o bo funcionamento do centro e para acadar os nosos obxectivos, polo que se potenciarán todas aquelas iniciativas que conduzan a mellorar a comunicación e coordinación mencionadas.

Por outra, a través da Aula Virtual, que estamos a desenvolver, melloraremos a comunicación pedagóxica entre o profesorado e o alumnado, con un mellor seguimento das tarefas deste último e, de paso, mellorarase a competencia TIC do alumnado.

## **9. ÁMBITO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.**

### **9.1. Xestión do centro.**

- **Xestión económica e administrativa.**

Eficacia, boa atención, amabilidade e simplicidade son os criterios que deben rexer neste apartado para facilitar a xestión administrativa e burocráticas aos membros da Comunidade Educativa do Instituto.

Eficacia, transparencia, austeridade e axuste a legalidade vixente son os criterios que rexen e rexerán a xestión económica do Instituto.

A xestión económica do centro farase dende a perspectiva da globalidade, do todo, sen por iso descoidar a atención ás partes. É dicir, sen descoidar a atención ás necesidades económicas de cada departamento, deben predominar sempre os intereses xerais do centro.

- **Plans de emerxencia, evacuación e autoprotección**

Existe xa un plan de emerxencia, así como unhas instrucións claramente visibéis nas distintas dependencias do Instituto. Deben seguirse as súas recomendacións, facer polo menos unha practica de evacuación ao ano, avaliar a resposta e detectar os fallos.

- **Coidado do centro**

Fomentar a limpeza e o coidado de tódalas instalacións, tanto do edificio como do xardín, para que o Instituto sexa un lugar agradable de traballo e estudo

## **9.2. Acadar instalacións deportivas axeitadas**

Unha das rémoras para desenvolver o labor educativo no noso centro é a carencia dunhas instalacións deportivas axeitadas, conformes a legalidade, para desenvolver a educación física. Certamente alcanzar estas xa non depende de nós senón das autoridades administrativas. Polo tanto, o noso labor neste apartado debe consistir en transmitir e concienciar a estas, a través da Dirección do Centro, das Asociacións de Nais e Pais e das Asociacións de Estudantes, se as houber, das nosas necesidades neste aspecto fundamental da educación do nosos xoves

## **10. ÁMBITO INSTITUCIONAL**

### **10.1. Relacións co Concello e outras institucións**

Esta no animo de toda a comunidade educativo do Xosé Neira Vilas manter, e se é posible, mellorar, as boas relacións do Instituto coas autoridades políticas e cos responsabeis dos diversos entes culturais -bibliotecas, etc.- e medio-ambientais do Concello de Oleiros. Ata agora esta colaboración está a render froitos, primeiro, no relativo á educación sexual, drogo-dependencias, vial, etc., nas que o Concello se atopa moi implicado e que desenvolve dentro do horario do Instituto; segundo, na subvención de aquel a actividades extraescolares do IES; e terceiro, no uso das dependencias municipais para celebrar acontecemento ou realizar actividades do Neira Vilas.

Debemos mellorar as relacións coa administración educativa da Xunta de Galicia. Deberiamos ser quen de conciencialas das deficiencias do nos centro, especialmente, como xa

quedou sinalado, no relativo ás instalacións deportivas, para conseguir mantelo en boas condicións e adaptalo as novas esixencias da educación.

Tamén teríamos que mirar de establecer ou mellorar as relacións con outras institucións ou organizacións do noso contorno. Actualmente tense comunicacións fluidas co CEIDA de Santa Cruz, sobre todo a partir do departamento de Bioloxía, e iso está redundar na educación dos nosos alumnos, especialmente no relativo á conservación e coñecemento do noso contorno natural: ría do Burgo, costa de Oleiros, etc.

## 11. AVALIACIÓNS

Promoveranse procesos de avaliación da práctica educativa e do funcionamento do Centro como organización, co obxecto de identificar os problemas e introducir as melloras que se consideren oportunas

### 11.1. Avaliacións das aprendizaxes

O equipo directivo elaborará cada curso un calendario de avaliacións,

Realizaranse tres avaliacións ordinarias ao longo curso, no período previo ás vacacións de cada trimestre, e unha avaliación extraordinaria en setembro. Estas avaliacións teñen como obxectivo fundamental comprobar o nivel de aprendizaxe dos alumnos e para iso utilizaranse os criterios de avaliación establecidos pola lexislación vixente e aplicaranse os criterios de cualificación publicados nas Programacións Didácticas dos Departamentos.

En relación con estas avaliacións, cada departamentos deberá incluír na súa programación:

- a) Os coñecementos mínimos para superar unha materia.
- b) Os criterios de avaliación e cualificación.
- c) As actividades de recuperación para os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores e os criterios de cualificación das mesmas.
- d) As medidas de atención á diversidade para os alumnos que o requiran: reforzos educativos, adaptación curriculares, etc., en coordinación co Departamento de Orientación e coa Xefatura de Estudos.
- e) As características da proba extraordinaria de setembro, que debe ser común en cada un dos niveis.

### 11.2. Avaliación inicial.

Realizarase unha avaliación inicial en ESO, durante o mes de outubro.

A avaliación inicial no conlevará cualificacións numéricas, xa que a súa funcionalidade principal é comprobar o nivel de competencia curricular do alumnado, aínda que tamén comprobar a convivencia e a actitude dos alumnos dentro do grupo, analizar os recursos materiais da aula, etc.

### 11.3. Avaliacións do labor didáctico

O profesorado, amais de avaliar os aprendizaxes dos alumnos, avaliará os procesos e a propia práctica docente en relación coa consecución dos obxectivos do currículo

Os Departamentos analizarán e valorarán os resultados obtidos polos alumnos ao remate do curso, despois da terceira avaliación, e reflectirán esta valoración na Memoria Final de Departamento. Nela irá incluída unha valoración da metodoloxía empregada, así como dos materiais curriculares e didácticos empregados, sen esquecer as propostas de mellora sobre a organización e aproveitamento dos recursos do centro.

TABLA DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO NO IES NEIRA VILAS: Aspectos a avaliar, responsabeis da avaliación e documento no que figura a tal

TEMA A AVALIAR:	RESPONSABEIS:	DOCUMENTO:
O cumprimento xenérico do Proxecto Educativo	Consello Escolar, Claustro e Equipo Directivo	Memoria Final
A organización do centro	Equipo Directivo e Departamentos	Memoria Final
O aproveitamento dos recursos do centro	Departamentos e Equipo Directivo	Memoria Final
A coordinación entre os órganos colectivos e persoais encargados do labor docente: equipo directivo, claustro, departamentos e titores	Equipo Directivo, CCP e Departamento de Orientación	Memoria Final
A aplicación dos criterios de	Departamentos	Memoria Final

avaliación.		
A metodoloxía empregada	Departamentos	Memoria Final
Os materiais didácticos empregados	Departamentos	Memoria Final
Os reforzos e apoio empregados	Departamentos	Memoria Final
A oferta de materias optativas	Equipo directivo, Departamentos e Orientación	Memoria Final
A orientación educativa e profesional	Equipo Directivo e Orientación	Memoria Final
As relacións coas familias e representates legais do alumnado	Equipo Directivo e titores	Memoria Final
A convivencia: estado das relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa.	Equipo Directivo e Equipo de Mediación	Informe final de Convivencia

## **VI. APROBACIÓN, MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PEC.**

**APROBACIÓN:** Este documento foi aprobado no Consello Escolar de 9 de Marzo de 2010.

**MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN:** Este documento será modificado ou actualizado cando o acorde a maioría absoluta do Consello Escolar do centro.